



Reglamento de uso de Rede Inalámbrica Municipal

Consideracións xerais:

- O servizo que se ofrece a través da Rede Inalámbrica, consiste no acceso a navegación WEB, e outros servizos que se irán incorporando.
- É responsabilidade exclusiva do usuario o tipo de información á que acceda, xa que esta pode ser de contido inapropiado.
- Algúns recursos e servizos da rede Internet son privados e existen dereitos sobre eles, polo que o acceso non autorizado a estes é responsabilidade única do usuario.
- O Concello resérvase o dereito de cancelar temporal ou definitivamente o servizo cando se faga uso inapropiado do sistema.
- Considérase uso inapropiado actividades como: molestar aos usuarios con mensaxes e charlas electrónicas, pirataría, envío de propaganda subversiva, calqueira tipo de acceso inapropiado á información dos usuarios da rede, propagación de virus informáticos, uso delituoso, etc.
- Xerarase un informe da infracción ao usuario que sexa apartado do servizo.

Sobre os usuarios do servizo

Poderán facer uso do servizo todos os veciños/as do Concello empadroados, **maiores de 18 anos ou de 16 con consentimento do pai/nai ou titor**, que conten cun equipo informático ou terminal que permita o acceso á rede Inalámbrica con sistemas operativos Windows XP, Windows Vista, Windows 7, MAC, Linux, etc.

Sobre a solicitude do servizo

- **O servizo é balde**, trátase dunha rede pública en fase experimental sustentada polo Concello de Ponteceso.
- Deberá **rexistrar os seus datos persoais e os da súa computadora** no Departamento de Informática do Concello de Ponteceso (primeiro andar), para activarlles o servizo.
- En caso que se **cambie de computadora ou tarxeta de rede**, deberase notificar, para proceder á actualización dos seus datos de inmediato, anulando os anteriores.
- Tanto os datos do usuario, como os datos correspondentes da súa conta serán **manexados con absoluta confidencialidade**.
- Toda información referente a contrasinais e nomes de acceso serán **estritamente intransferibles**.
- A **seguridade informática é responsabilidade de todos**, polo que o usuario do servizo deberá protexer a súa computadora con programas antivirus actualizados e pechar todo acceso libre ao seu equipo como puidesen ser as contas públicas sen contrasinal. De non cumprir estes requisitos poderá anularse o servizo.

Sobre o soporte do servizo

- O Departamento de Informática comprométese a manter o bo funcionamento e operatividade da rede, tendo en conta que se trata dun proxecto experimental, poden xurdir anomalías no funcionamento da mesma.
- A Departamento de Informática **non proporcionará o servizo de configuración das tarxetas de rede** das computadoras dos usuarios xa que é responsabilidade do fabricante ou do usuario a correcta configuración dos dispositivos da computadora.
- **Non é responsabilidade do Concello a configuración do Sistema Operativo** ou de calquera outro software instalado no equipo do usuario.
- Proporcionamos a través de www.ponteceso.net un manual de uso da rede, para facilitar o acceso.